

1. PUNTO DE ATENCIÓN DIAGNÓSTICO-TERAPÉUTICO MÓBIL

Desenvolvemento dun centro de diagnóstico-terapéutico móbil que permite optimizar a cobertura das necesidades asistenciais da poboación ofrecendo servizos de maior calidade á vez que se incrementa a accesibilidade e a eficiencia.

O resultado foron dous vehículos de formato autobús con:

- **Consultas de enfermería e medicina dotadas con equipos para a realización de probas**, algúns dos cales non están dispoñibles nos centros de saúde convencionais.
- **Quirófano de cirurxía maior ambulatoria** dotado de toda a tecnoloxía e os medios necesarios para realizar este tipo de intervencións, con maior comodidade para os pacientes.

As probas piloto foron realizadas en varias localidades da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada (EOXI) **Ourense-Verín-O Barco de Valdeorras**.